

B O L E T Í N


ANO II NÚMERO 4

Febreiro do 2.009
Páxina 1

AGAEDES

Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria

OS CANÓNS DO SIL



ÍNDICE

OLIMPIADAS GALEGAS DE ECONOMÍA.....	2
REUNIÓN CON REPRESENTANTES DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN.....	5
NOVA PÁXINA WEB.....	6
PRÓXIMA CELEBRACIÓN DO CURSO: Recursos didácticos para o ensino das materias de Economía en Bacharelato.....	4
RESULTADO DA REUNIÓN COA CONFEDERACIÓN EN TENERIFE.....	7
NOVA SELECTIVIDADE.....	8
COMO NOS AFECTA A NOVA SELECTIVIDADE.....	10
NOTAS DE PRENSA.....	11

ESTE CURSO VANSE CELEBRAR AS PRIMEIRAS OLIMPIADAS GALEGAS DE ECONOMÍA

¡¡¡CONSEGUÍMOLO!!! Como se indicou en boletíns anteriores, co apoio de AGAEDES, os tres decanos das facultades de economía galegas tomaron a decisión de convocar xa para este curso as “PRIMEIRAS OLIMPIADAS GALEGAS DE ECONOMÍA”. O elemento de máis peso tivo, para iniciar con tanto apuro as olimpíadas galegas, foi o feito de que tamén este curso se inician as “PRIMEIRAS OLIMPIADAS ESPAÑOLAS DE ECONOMÍA”, podendo así, os alumnos/as galegos gañadores, participar nela.

Coas olimpíadas conséguese prestixiar a nosa materia, sobre todo pola transcendencia mediática que estas teñen. Tamén é moi interesante para o alumnado, significa un estímulo de estudo para eles, ademais do económico. Non tratan de ser unha repetición dos exames das PPAU. As olimpíadas teñen entidade propia: o exame está baseado nas dúas materias de economía (a de 1º, e a de 2º), e o seu formato é bastante diferente (pola tipoloxía de cuestións, e pola introdución dos análises de textos).



As olimpíadas científicas teñen unha gran tradición entre os alumnos de ensinanza medias tanto en Europa coma en España. En España, as primeiras olimpíadas que se realizaron foron as de Matemáticas, que comezaron no ano 1964. As olimpíadas científicas están organizadas polas Asociacións Españolas de Matemáticas, Física e Química, e están recoñecidas como olimpíadas científicas polo Ministerio de Educación e Ciencia.

A Olimpíada de Economía nace seguindo a tradición do resto das olimpíadas científicas pero, a diferenza delas, a de Economía está organizada polas facultades de ciencias económicas e empresariais das universidades públicas españolas, e nestes momentos está en proceso de implantación en todo o territorio español.



A Olimpíada de Economía é un concurso de carácter académico e educativo, cuxos obxectivos son incentivar e estimular o estudo da Economía entre os novos, premiar o esforzo e a excelencia académica, divulgar os estudos de Economía, así como establecer vínculos estables entre a facultade, os centros de educación secundaria, o profesorado de Economía do bacharelato e os alumnos/as interesados nesta materia.

A primeira Olimpíada de Economía en España tivo lugar en Valencia durante o curso académico 2002-2003 por iniciativa da Facultade de Economía da Universitat de València. No curso 2003-2004 ampliouse a súa implantación a outras universidades da Comunidade Valenciana, sumándose a este evento a Universitat Jaume I de Castelló e a Universitat de Alacant.

A partir do curso 2004-2005 comezaron a participar outras Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais de España. No curso 2004-2005 iniciouse a olimpíada na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universitat de les Illes

Balears; no curso 2006-2007 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Oviedo; no curso 2007-2008 nas Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Málaga, da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria, e da Universidade de La Laguna.

Neste curso 2008-2009 únense a esta iniciativa as Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas da Universidade do País Vasco, da Universidade Autónoma de Madrid, da Universidade de Zaragoza, **e das tres Universidades galegas**. En total son xa quince facultades de ciencias económicas e empresariais de todo o territorio español as que están implicadas neste proxecto.

No 2008-2009 celébrase, tamén, a **Primeira Olimpíada Española de Economía**, que contará cunha única proba de ámbito nacional, e na que participarán os tres alumnos/as finalistas en cada fase local ou autonómica.

A realización da proba da fase nacional terá lugar cada curso académico na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais elixida pola Comisión Nacional da Olimpíada, de entre as que se ofrezan. Para a celebración desta primeira edición da Olimpíada Española de Economía, no curso 2008-2009 elixiuse como sede a Facultade de Economía da Universidade de Valencia. A proba terá lugar os días 1, 2 e 3 de xullo de 2009.



Olimpiada Española de Economía

Viernes, 6 de Febrero de 2009

Olimpiada Española de Economía | Presentación

- Presentación
- Bases
- Comisión directiva
- Inscripción
- Premios
- Olimpiadas locais
- I Olimpíada Española de Economía
- Contacto

Presentación

La olimpiada de Economía viene celebrándose desde el curso 2002/2003 en algunas Facultades de Ciencias Económicas y Empresariales de diferentes universidades públicas españolas. A partir de las Olimpiadas locales se organizará a nivel nacional la I Olimpíada Española, siguiendo las **Bases** publicadas en esta Web.

El objetivo fundamental de las Olimpiadas de Economía es estimular los estudios de Economía y Empresa entre los jóvenes. Cumple también el objetivo de mantener y fortalecer vínculos con los profesores de Economía y Organización de Empresas en Enseñanza Secundaria y con los alumnos que están interesados en esta materia, que serán los futuros estudiantes en nuestras Facultades.

Para máis información sobre a olimpíada española podedes entrar na súa páxina web, a través da páxina de AGAEDES (www.agaedes.org), ou directamente mediante o enlace: www.uniovi.es/econo/OlimpíadaNacional/

BASES DA OLIMPIADA GALEGA (provisionais)

Poderán participar na Olimpíada Galega de Economía, todo o alumnado dos centros de ensinanza secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia que estea matriculado durante o curso 2008-09 na materia Economía e Organización de Empresas, de segundo de bacharelato. A participación na proba é individual e realizarase previa inscrición na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

Enviarase en próximas datas un cartel informativo, e instrucións aos centros para poder facer a inscrición de cada alumno/a, que deberá ir acompañada do visto e prace do profesor/a da materia.

O exame basearase no currículo de 1º e de 2º curso. Será anónimo, e consistirá nunha proba que terá unha duración de dúas horas e media Para que vos vaiades facendo unha idea, na propia web da olimpíada nacional, tedes enlaces ás olimpíadas locais, de onde podedes descargar modelos de exames de convocatorias anteriores.

O exame constará de tres partes:

- A) Preguntas curtas (2 da materia de primeiro, e 2 da materia de segundo)
- B) Cuestións de carácter práctico (1 exercicio da materia de primeiro, e 1 da materia de segundo)
- C) Comentarios de texto (un deles estará relacionado cunha noticia económica de actualidade)

A relación dos premiados farase pública na páxina web das Olimpíadas galegas (en elaboración), e na de AGAEDES.

PREMIOS (provisional)

Outorgaranse os seguintes premios (para os nove mellor clasificados/as) :

Aos tres mellores clasificados/as:

Viaxarán, xunto cos seus profesores/as, con tódolos gastos pagados, á olimpíada nacional en Valencia.

Ademais, os seis mellores clasificados/as:

Obterán un ordenador portátil cada un/ha. Despois, realizada a media de notas dos tres mellores alumnos/as de cada centro, os tres centros con mellor media obterán un ordenador (para optar a este premio requírese un mínimo de tres estudantes/as do mesmo centro).

Tamén para oss nove mellor clasificados/as:

Reembolsaráselles o importe íntegro das taxas de matrícula, en caso de matricularse no curso 2008-2009 nalgunha das titulacións impartidas nalgunha das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais ou de Administración e Dirección de Empresas do Sistema Universitario Galego.

DATAS (podémolas dar practicamente por definitivas)

- A) Inscripción do alumnado galego e dos centros na olimpíada galega: do 14 ao 20 de abril
- B) Realización das PPAU: 17, 18 e 19 de xuño. (despois hai unha semana para que o alumnado pioda repasar algo a materia de primeiro)
- C) Realización da proba da olimpíada galega (na Facultade de económicas de Santiago): 26 de xuño
- D) Resultados e entrega de premios: os resultados estrán dispoñibles nesa fin de semana, e a entrega de premios realizárase o **29 de xuño**, nun acto público.
- E) Os tres alumnos/as mellor clasificados/as viaxarán a Valencia, para participar na Primeira Olimpiada Española de Economía: do 1 ao 3 de xullo. Partirán o día 1, o día 2 será a data de realización do exame, e o 3 farase pública a lista de gañadores. A organización neses días vai realizar diferentes actividades e visitas, para os participantes

BOA SORTE A TODOS/AS

REUNIÓN CON REPRESENTANTES DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN

¡¡¡ALÍ ESTIVEMOS!!! O pasado mércores 24 de Setembro de 2008, celebrouse en Madrid unha entrevista co Director Xeral de Avaliación e Ordenación Educativa, D. Javier Vidal García. A esta acudiron o subdirector xeral de Avaliación, D. Luís Caramés Vieitez, presidente da Organización de Economistas para a Educación (OEE), acompañado dun membro do Consello Xeral do Colexio de Economistas, D^a Silvia Martínez Méndez, presidenta da Asociación Andaluza de Docentes de Economía en Secundaria (AADES) e a **nosa Vicepresidenta D^a Carmen Meiriño González**. (A nosa presenza foi aprobada na última asemblea xeral) O tema principal foi a redacción do último borrador do real decreto de especialidades.

O noso interese centrouse principalmente en sinalar a



falta de reciprocidade con que é tratada a especialidade de Economía, no borrador do real decreto de especialidades, pois de ser definitiva esta regulación, atribuíriase competencia docente aos especialistas de formación profesional de Administración de Empresas, Organización e Xestión Comercial e Formación e Orientación Laboral para as materias de Economía e Economía da Empresa de Bacharelato, negándonos a mesma posibilidade aos docentes da especialidade de Economía para os distintos módulos dos ciclos de formación profesional, como é o de “empresa e iniciativa emprendedora”. Esta protesta foi avalada en todo momento pola OEE.

A resposta por parte da Dirección Xeneral, centrouse en explicar as dificultades por conxugar os intereses de diferentes colectivos de profesores e **comunicóusenos que as**

intencións do Ministerio é establecer un réxime de habilitacións entre o profesorado que demostrase coñecementos en distintas áreas para poder impartilas. Así pois teremos que esperar que a administración considere que os especialistas de Economía teñamos suficientemente acreditados, pola nosa formación universitaria, os coñecementos aludidos para impartir os módulos dos ciclos de formación profesional.

Por outro lado, o Director Xeral mostrouse receptivo ás reivindicacións que o noso colectivo lle poida manifestar a través de propostas concretadas en documentos avalados cun amplo grao de consenso, e que sexan avalados por diferentes instancias. Por iso consideramos moi importante a federación (ou confederación) das diferentes asociacións autonómicas, e a colaboración con diferentes entidades ou institucións, que poidan apoiarnos nas reclamacións que poidamos facer no futuro.

Economistas nº 359. 2ª Quincena Outubro 2008

El Consejo General de Economistas expone su posición respecto a la asignatura de Economía en la enseñanza secundaria

El pasado 24 de septiembre, el presidente de la Organización de Economistas de la Educación (OEE), órgano especializado del Consejo General de Colegios de Economistas de España, Luis Caramés, fue recibido por el director general de Ordenación Académica, Javier Vidal.

En la reunión, Caramés, puso de manifiesto la preocupación que desde siempre ha tenido el Consejo General de Economistas por mejorar la formación económica de los ciudadanos como elemento que les permita ejercer plenamente como tales, y la disposición de la OEE a colaborar en el empeño, máxime cuando el Banco de España y la Comisión Nacional del Mercado de Valores, recogiendo una preocupación lógica en una época de crisis como la actual, están elaborando un plan de formación financiera para la ciudadanía.

Por otra parte, los representantes de los profesores de Economía en la enseñanza secundaria le trasladaron sus preocupaciones en relación con su actividad docente, tanto aquellas que dependen del ministerio, como la competencia de los profesores de Economía del bachillerato para dar módulos profesionales, como otras que son competencia de las comunidades autónomas, como la creación de los departamentos de Economía en los institutos.

En la reunión, además del director general de Ordenación Académica y el presidente de la OEE también estuvieron presentes: el subdirector general de Ordenación Académica, Juan López Martínez, por parte del Ministerio, y Silvia Martínez, presidenta de la Asociación de Andalucía de Docentes de Economía en Secundaria (AADES), María del Carmen Meiriño, vicepresidenta de la Asociación Galega de Economistas de Economía en Secundaria (AGAEDES) y Jesús Motilla, secretario técnico del Consejo General de Economistas.

Los representantes del Consejo se comprometieron a facilitar al Ministerio propuestas concretas sobre aquellos aspectos que les afectan.

XA TEMOS PÁXINA WEB

WWW.AGAEDES.ORG

¡¡¡OBXECTIVO CUMPRIDO!!!

Un dos obxectivos para este ano era a posta en marcha da nosa páxina web. Pois ben, comezou a funcionar desde este mes de febreiro.

En realidade non se trata dunha páxina, senón dun verdadeiro portal, é dicir, un lugar onde non só se recibe información, senón que ofrece a posibilidade de que os asociados/as poidan subir contidos.

Actualmente só están activas algunhas das funcións que nos vai ofrecer. Na parte da esquerda tedes o bloque principal:

- Con acceso á páxina principal en calquera momento
- Con posibilidade de interactuar a través da conta de asociado/a (función aínda non activada, porque temos que darvos de alta a cada un de vos. Activarase posteriormente).
- Unha sección con descargar clasificadas por categorías (podedes facer propostas de contidos a incluír, hoxe só ten os boletíns anteriores).
- Unha sección con enlaces web clasificados por seccións (tamén podedes facernos propostas).
- Unha sección para que podades subir directamente as vosas novas (só teñen que ser validadas previamente polo administrador)

The image shows a screenshot of the AGAEDES website. At the top, the logo 'AGAEDES' is displayed in large, colorful, stylized letters. Below it, the text 'ASOCIACIÓN GALEGA DE ENSEÑANTES DE ECONOMÍA EN SECUNDARIA' is written in a bold, black font. The website layout is divided into three main vertical sections. The left section is a navigation menu with a dropdown arrow, containing links such as 'Páxina principal', 'A túa conta de socio', 'Descargas', 'Páxinas web', 'Envía un comentario', 'Envía unha nova', and 'Recoméndanos'. The middle section features a 'Benvidos á Web de Agaedes' message, a 'Última hora' section with a circular graphic, and a 'Páxina da Consellería' link. The right section is titled 'Federación Española' and contains links for 'FEAPES' and 'ESTATUTOS PRIMER BORRADOR', along with a note about the first draft of the statutes.

- Unha sección para recomendar a páxina e a asociación a coñecidos/as.

Xusto debaixo tedes outro bloque co enlace directo aos nosos estatutos en formato PDF, e da ficha de inscrición e pago para novos asociados/as.

No centro, ondese atopa o texto que se move, colocaremos as novas de máis actualidade, con enlaces directos.

Na parte da dereita actualmente tedes o borrador de estatutos que se están a debater, sobre a futura “Federación Española de Asociacións de de Profesorado de Economía en Secundaria” . Está en formato PDF, para que o poidades consultar.

Xusto debaixo están unha serie de enlaces que todos nós utilizamos a cotío, e aos que podemos asía acceder sen salir da páina de AGAEDES:

- Enlace ao correo da Xunta

- Enlace á páxina da Consellería

- Enlace á páxina de BIB Galicia

Por outra banda, se queres utilizar como servidor de correo electrónico, o “microsoft office outlook”, tes a posibilidade de dispoñer dunha conta de correo do tipo “xxx@agaedes.org”. Simplemente envíanos un correo co nome elixido (o que iría no lugar xxx). Unha vez que te deamos de alta no servidor, enviáremosche os datos que precisas para configuralo.

Finalmente, comentarche que seguimos mellorando a páxina, isto só é o comezo. Gustaríanos construíla un pouco entre todos/as, por iso serán moi ben recibidas as propostas de mellora que queiras facernos: disposición dos elementos, enlaces, descargas, etc

Proxima celebración do curso:

“Recursos didácticos para o ensino das materias de Economía en Bacharelato”

¡¡¡ALGO É ALGO!!! Despois de non conseguir levar adiante o proxecto das “Primeiras xornadas de economía en secundaria”, ao que tantas hora de traballo e esforzos, lle dedicamos; debido ao escaso financiamento que se nos concedeu por parte da Consellería (menos de 200 euros). Enviamos dúas cartas de protesta á Consellería (unha á asesora de CC. Sociais, e outra á Directora Xeral), nas que deixábamos clara a nosa indignación por non contar ata o de agora, con ningunha oferta formativa específica para a nosa especialidade.

A resposta non se fixo esperar, e informáronnos, que se ía celebrar o curso de 20 horas de duración que se celebrará entre o 27/03/2009, e o 28/03/2009 “**Recursos didácticos para o ensino das materias de Economía en Bacharelato**” (actividade deseñada e organizada directamente pola Consellería).

A Consellería enviou información sobre o curso, en datas pasadas a tódolos centros, pero por se alguén non se puido informar, aquí tedes algúns datos:

Os Obxectivos da actividade son os seguintes:

1. Actualización epistemolóxica e metodolóxica do profesorado que imparte as materias Economía e Economía da Empresa en Bacharelato.
2. Dar a coñecer as posibilidades didácticas que ofrecen diversos recursos para o ensino das materias Economía e Economía da Empresa en Bacharelato
3. Fomentar a aplicación na práctica docente dos coñecementos específicos adquiridos na actividade

En canto aos contidos:

1. As interpretacións da nova economía sobre as cuestións medioambientais e a paisaxe

2. O novo Plan Xeral Contable e o Balance Comercial: a súa incidencia no ensino da economía en Bacharelato
3. Recursos didácticos e técnicas para a análise na aula de macromagnitudes da estrutura económica
4. Obradoiros prácticos sobre recursos para o ensino da economía no Bacharelato

Realizarase en Santiago. **A data límite para inscribirse remata o 28/02/2009**

Se estades interesados/as, podedes inscribivros entrando na páxina

www.edu.xunta.es/fprof

despois premedes na opción “consulta pública do plan de formación”, e introducides a referencia: **X0801243**

NOVA SELECTIVIDADE

!!!MENOS MAL QUE O RETIRARON!!!

Despois de circular durante moito tempo un borrador referido ás novas probas de acceso á Universidade, no que practicamente desaparecían as materias de economía, e despois de multitude de protestas de moitos colectivos (incluídas as asociacións de profesorado de economía), finalmente saíu publicado no BOE (xa é definitivo) o REAL DECRETO 1892/2008, de 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias.

É a normativa que se aplicará nas PPAU a partir do curso que ven, e compre entendela para coñecer as implicacións que vai ter, e que nos afectará.

A proba de acceso ás ensinanzas universitarias estrutúrase en dúas fases denominadas respectivamente fase xeral e fase específica.

Descrición da fase xeral

A fase xeral da proba ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe acadar o estudante/a ao finalizar o bacharelato, para seguir as ensinanzas universitarias oficiais de Grao, especialmente no que se refire á comprensión de mensaxes, o uso da linguaxe para analizar, relacionar, sintetizar e expresar ideas, a comprensión básica dunha lingua estranxeira e os coñecementos ou

técnicas fundamentais dunha materia de modalidade.

A fase xeral constará dos exercicios seguintes:

O primeiro exercicio consistirá no comentario, por escrito, dun texto de **Lingua castelá e literatura**.

O segundo exercicio versará sobre as materias comúns de 2.º de bacharelato: **Historia da filosofía, Historia de España**. (o estudante/a deberá elixir unha).

O terceiro exercicio será de **lingua estranxeira**.

O cuarto exercicio versará sobre os contidos dunha **materia de modalidade de segundo de bacharelato** (elixida polo alumno de entre as de 2º). O estudante/a indicará na solicitude de inscrición na proba de acceso, a materia de modalidade da que se examinará.

O quinto exercicio consistirá no comentario, por escrito, dun texto de **Lingua galega e literatura**.

Descrición da fase específica

A fase específica da proba, de carácter voluntario, ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nos ámbitos relacionados cos estudos que se pretenden cursar, e permite mellorar a cualificación

obtida na fase xeral.

Cada estudante/a poderase examinar de calquera das materias de modalidade de segundo de bacharelato, distintas das materias elixidas para realizar o exercicio da parte xeral. O estudante/a indicará na solicitude de inscrición na proba de acceso, as materias das que se examinará.

Considerarase que un alumno/a superou as PPAU, cando obteña unha nota igual ou maior a 5 puntos, como resultado da media ponderada do 60 por cento da nota media de bacharelato, e o 40 por cento da cualificación da fase xeral, sempre que obtivera un mínimo de 4 puntos na cualificación da fase xeral.

Pero para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, nas que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, no que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, as universidades públicas utilizarán para a adxudicación das prazas a nota de admisión que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula, e expresarase con dúas cifras decimais:

$$\text{Nota Admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CFG} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB = Nota Media do Bacharelato

CFG: Cualificación da fase xeral (recordade que o cuarto exercicio trata sobre unha materia de modalidade de 2ª Bacharelato, que pode ser economía da empresa)

M1 e M2 (Fase Específica)= As 2 mellores cualificacións das materias superadas da fase específica.

O parámetro de ponderación (a ou b) das materias da fase específica, será igual a **0,1**. As universidades poderán elevar dito parámetro ata 0,2 naquelas materias que se consideren máis idóneas para seguir con

éxito as devanditas ensinanzas universitarias oficiais de grao. Deberán facer público os devanditos parámetros para as materias seleccionadas ao inicio do curso da correspondente proba. É dicir a fórmula podería quedar como segue:

$$\text{Nota Admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CFG} + 0,2 * \text{M1} + 0,1 * \text{M2}$$

Pola nosa parte, o pasado venres 20 de febreiro, xa nos reunimos cos Decanos das facultades de Economía das tres Universidades Galegas, e ademais de notificarnos que por suposto van ponderar a materia de economía da empresa con 0,2, tamén nos fixeron saber que nos axudarán a convencer a outros Decanos de facultades como dereito, periodismo... para que sigan o mesmo camiño.

Vai ser importante esta axuda, debido a que a única maneira de que no futuro nos IES, as nosas materias lles resulten interesao alumnado será conseguindo que moitas facultades ponderen con este 0,2 ao seleccionar ao seu alumnado.

Este vai ser un dos nosos obxectivos prioritarios para os próximos meses



COMO NOS AFECTA A NOVA SELECTIVIDADE

!!!NON TODO VAI SER BO NA NOVA SELECTIVIDADE!!!

No anexos I do RD da nova selectividade, asígnanse as materias de modalidade de 2º Bacharelato ás 5 areas de coñecemento ("economía da empresa" está só en Ciencias Sociais e Xurídicas). Por iso vai ser moi importante como vai quedar a reordenación das titulacións por graos que se asignarán a esas 5 areas de coñecemento e que depende a súa autorización da ANECA. E sobre todo antes de que comece o período de preinscrición dos alumnos/as en bacharelato, porque cada universidade terá que definir que materias de modalidade se ponderarán con 0,1 ou 0,2 na parte específica da selectividade e será en función do que cada facultade considere máis importante para a nota de acceso.

Se non cambian as cousas, parece difícil conseguir a longo prazo "economía da empresa" como materia de modalidade no bacharelato de ciencias, porque non se inclúe a posibilidade de incluír esta materia para os graos das areas de coñecemento de ciencias e enxeñerías. Outra cousa é que alumnos/as de 1º Bacharelato de ciencias elixan como materia optativa a economía.

Os alumnos/as poden examinarse voluntariamente da parte específica (materias de modalidade de 2º Bacharelato) e recordando que en 2º elixen 3 materias de modalidade sobre un total de 7 materias de modalidade, a tendencia pode ser que o alumno seleccione as que lle permiten cursar unha carreira dentro das 5 ramas do coñecemento que marca o anexo I.

Aos IES pola complexidade que supón a oferta de tantas materias (tantas optativas e tantas de modalidade), non lles vai quedar máis

remedio que elaborar itinerarios en 2º de bacharelato (como en 4º da ESO), polo tanto, o lóxico os itinerarios que os IES elaborarán no futuro, teranse que axustar a este RD.

Conclusións:

Unha posibilidade potencial era que os alumnos/as do bacharelato de ciencias cursen como optativa "economía da empresa" que é modalidade doutro bacharelato (o mesmo que a economía en 1º Bacharelato), pero... ¿Como a van cursar senón entra na rama de coñecemento de enxeñería e arquitectura?. Aínda que, hai a posibilidade de que seleccionen esa materia na fase xeral, senón poden na fase específica de forma voluntaria. Se unimos que en 1º débense cursar materias necesarias para 2º Bacharelato (exemplo Latin 1 para Latín 2), e que só se pode escoller unha materia de modalidade doutro bacharelato, ao longo dos dous cursos, xa me diredes.

Pero non todo está perdido. Compañeiros/as doutras asociacións de profesorado de economía doutras Comunidades, con contactos no Ministerio de Educación, comunicáronnos que despois de moitas protestas, parece ser que se van realizar modificacións na



nova selectividade respecto á ampliación de materias de modalidade de bacharelato que se vinculen a ramas de coñecemento. Sobre este particular pratexouse, e parece que hai posibilidades, de que a materia de "economía da empresa" se vincule tamén (ademais da rama de coñecemento de ciencias sociais) á rama de coñecemento de ciencias e enxeñaría, e polo tanto a todos os novos graos que estarán nesta rama.

O fundamento desta petición está no REAL DECRETO 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a

ordenación das ensinanzas universitarias, no seu ANEXO II establece as materias básicas por cada unha das ramas de coñecemento. Na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, establécense entre outras a Economía, e a Empresa. O sorprendente é que na rama de Enxeñaría e Arquitectura, estableceuse no seu día a Empresa.

Sobre todo estade atentos/as porque en próximas datas se reunirán as comisións pedagóxicas nos centros para tratar o tema da configuración destes itinerarios.

NOTAS DE PRENSA

2


EL ECONOMISTA MIÉRCOLES, 28 DE ENERO DE 2009

Ecoaula Opinión



■ Por EUGENIO J. LUQUE Y J. FELIPE FOJ


Bancos 'versus' calcopirita



Hace ya cuarenta años el profesor José Luis Sampedro presentó un argumento, aún vigente, en el que defendía la conveniencia de generalizar la formación básica en economía. "Es un hecho que el bachiller o el alumno de enseñanza media o preuniversitaria sale de las aulas conociendo, por ejemplo, lo que es la calcopirita, pero sin haber recibido la menor información sobre lo que es un banco. A pesar de que indudablemente (sin la menor intención de menospreciar a la calcopirita) es casi seguro que el flamante bachiller habrá de recurrir a algún banco durante su vida, siendo, en cambio, poco probable que le afecte algo relacionado con la calcopirita. Y hasta me atrevo a añadir que, de afectarle, puede que sea únicamente por motivos económicos en la mayoría de los casos".

Influido por el pensamiento de la Institución Libre de Enseñanza, el Bachillerato de 1934 incluía entre sus materias obligatorias la de Economía, asignatura que desaparecería de los planes de estudio tras la contienda civil. Ya en los años sesenta y utilizando como libro de texto Política Económica de Fuentes Quintana y Velarde Fuertes, una materia del mismo nombre se impartía a los bachilleres del sexto curso, equivalente al primero del reducido bachillerato actual.

Suprimida esa formación económica con la Ley General de Educación



GETTY

(1970), la Logse (1990) volvería a incluir estos contenidos en el sistema educativo no universitario. Y, aunque lo hizo de forma insuficiente (sólo en un itinerario de una de sus modalidades de Bachillerato), propició el reconocimiento de la especialidad de Economía como una más entre las del profesorado de Enseñanza Secundaria. La vigente Ley Orgánica de Educación (2006) ha heredado la importante limitación apuntada, sin tener en cuenta la eficacia de la perspectiva económica para entender y mejorar la realidad personal y social de la ciudadanía.

Aquella recordada Política Económica introdujo en los institutos las apor-

taciones de los grandes economistas clásicos, ofreció conceptos básicos sobre magnitudes económicas y presentó nociones elementales sobre la realidad económica española. Constituía una materia muy atractiva pese a no ser impartida por profesorado adecuado en la mayoría de los casos.

El sistema educativo cuenta ahora con titulados especialistas capaces de ofrecer una formación de calidad en temas económicos y, en cambio, no se considera necesario que los alumnos de secundaria obligatoria y de la mayoría de opciones de Bachillerato estudien contenidos fundamentales para mejorar tanto su vida diaria como su

futuro profesional, pues todos ellos ya son consumidores y en un futuro cercano serán, además, empleados o empleadores, contribuyentes y, desde luego, usuarios de servicios financieros. Estos valiosos conocimientos básicos quedan confinados en el Bachillerato de Ciencias Sociales, que carece además de una oferta de materias optativas adecuadas que sirva de base tanto a los alumnos que posteriormente cursen Formación Profesional como a los que se dirijan a los numerosos estudios universitarios en los que se requiere una formación de este tipo. En una decisión en extremo tímida y limitada, el Ministerio de Educación ha reconocido Economía para la vida cotidiana como materia optativa para todo el Bachillerato, pero sólo en el territorio de su responsabilidad directa (Ceuta, Melilla y los institutos del exterior) y de oferta no obligatoria.

Algunos docentes de Economía pretendemos que la situación cambie porque, recurriendo a la cita del profesor Sampedro, pensamos que -al menos- es tan importante conocer cómo funcionan los bancos como cómo se cristaliza la calcopirita. Y las portadas de periódicos como este nos dan la razón.

Por segundo año se han organizado en la Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales de Málaga unas Jornadas sobre la Enseñanza de la Economía en las que participarán profesores que trabajan en el perfeccionamiento de la docencia de esta materia. La cita será el próximo 30 y 31 de enero y por cierto, si todo va bien, el profesor Sampedro estará con nosotros para hablar de lo que nos gusta: hacer la Economía accesible a todos.

"EN 1934, EL BACHILLERATO INCLUIÓ COMO MATERIA LA ECONOMÍA"

"SE SUPRIMIÓ EN 1970, AUNQUE LA LOGSE LA RECUPERÓ"

© Eugenio J. Luque Domínguez es decano de la Facultad de CC. EE. de Málaga.
© J. Felipe Foj Candés es profesor de Economía en el IES "El Palo" (Málaga) y miembro de AADES.